



CATEDRAL

TORRE
VELLA
S. XVI

BARROCO
S. XVIII



◀ CAPELA DA VIRXE DOS
OLLOS GRANDES ▶

A capela da Virxe dos Ollos Grandes é unha obra mestra do barroco galego, cuxo autor, Fernando de Casas y Novoa, deseñaría anos máis tarde a fachada do Obradoiro da catedral de Compostela.

Tres rotundos tambores pétreos en chanzos definen a pel exterior da capela. O último, a lanterna que proporciona luz a todo o interior, é, en si mesma, unha obra mestra do barroco galego.

No interior, a preciosa imaxe da Virxe dos Ollos Grandes, patroa da cidade, que cunha man suxeita docemente o seu peito e coa outra o neno, está acollida dentro dun grandioso baldaquino dourado e barroco, contido, á súa vez, no luminoso espazo interior deseñado por Casas y Novoa. Neste ambiente relucente e branquísimo todo semella livián e adquire un carácter irreal e sagrado.




FACHADA DA CATEDRAL

A actual catedral de Lugo (declarada en 2015 Patrimonio da Humanidade formando parte do Camiño de Santiago) ten a súa orixe no sec. XII. O impresionante espazo interior conserva o seu orixinal trazado románico aínda que, como en tantos edificios históricos, os tempos se superpoñen e tamén os estilos arquitectónicos. A catedral de Lugo posúe trazas góticas, renacentistas e barrocas e as súas obras esténdense até o sec. XIX cando se rematan as torres inacabadas da fachada principal ao poñente, proxectada por Sánchez Bort en 1769.

A visión lateral desta imponente fachada neoclásica revela a escala monumental do edificio que se implanta fronte á Muralla no magnífico adro que a precede. Este senlleiro espazo urbano proxectouse no período neoclásico e nel destacan o seu trazado e o deseño do seu cerramento cos imponentes pináculos que o enfeitan.

Neste privilexiado enclave coinciden distintos períodos históricos enfrontados á muralla romana dando lugar a unha admirable obra urbanística conxunta que transcende épocas e fala da riqueza e da importancia desta antiga cidade.



LUGO DEBUXADO
DEBUXOS E TEXTOS SANTIAGO CATALÁN



A MURALLA

A cidade de Lugo, fundada arredor do ano 13 a.C. por Paulo Fabio Máximo en homenaxe a César Augusto, semella envolta nun círculo un pouco imperfecto, ao que o paso do tempo e as circunstancias deformaron, producindo o irregular trazado de hoxe en día da súa Muralla.

A Muralla romana, cuxa construción pode fixarse no sec. III d. C., é unha inmensa morea de pedra de máis de dous quilómetros de circunferencia. Construíuse e reconstruíuse con perpiaños graníticos e lousas que forman un aro inexpugnábel que protexeu militarmente durante séculos esta cidade e que hoxe a personaliza definindo o seu senlleiro perfil urbano.

Este potente, sagrado e intocábel monumento foi, porén, tocado e retocado unha e milleiros de veces por anónimos cidadáns que, outrora, usaron a Muralla como apoio para o chan e os lousados das súas vivendas, como despensas e almacéns, como latrinas e adegas... como paredes e peches dos seus humildes fogares.

Malia o seu carácter monumental, non debe pasar desapercibida a beleza plástica das pegadas que o paso do tempo deixou nesas paredes de pedra. Pegadas e feridas orixinadas por xeracións e xeracións, que conformaron ao longo de case dous mil anos o mapa emocional da cidade amurallada.



A CASA DO CONCELLO

A Praza Maior, presidida polo edificio da Casa do Concello, é o centro neuráxico da cidade e lugar de encontro da cidadanía.

A base dun edificio renacentista existente con anterioridade servíulle ao grande arquitecto Lucas Ferro Caaveiro para levantar o actual pazo municipal no ano 1735. O edificio é, malia a súa rotunda horizontalidade, un prodixio de expresividade arquitectónica con multitude de variantes nas súas contidas dimensións. Son elementos característicos a profundidade das arcadas da loggia da planta baixa, as balconadas corridas da planta nobre, as graciosas torres laterais e o piar central, rematado cun fermoso frontón que contén un espectacular escudo de España co toisón de ouro e unha belidra coroa sobresaínte. Os airosos pináculos sobre a cornixa puntúan e fan vibrar todo o conxunto desta orixinalísima fachada pertencente ao mellor barroco galego.



PRAZA DO CAMPO

O bispo Izquierdo decidiu en 1753 traer a auga canalizar a Lugo, apoiándose nos restos do antigo acueduto romano. Construíríanse dúas fontes, unha na praza Maior, que xa desapareceu, e outra na praza do Campo, que se conserva como testemuña desta importante obra de infraestrutura para a cidade.

Esta curiosa peza escultórica, que unha vez ao ano bota viño en vez de auga, sitúase no centro deste pequeno e acolledor espazo urbano que outrora foi mercado tradicional de produtos do campo procedentes da contorna rural da cidade. É este un dos máis senlleiros e suxestivos recantos urbanos das cidades galegas. Trátase, certamente, dunha encrucillada onde converxen até seis diferentes rúas entre as que se achan unhas das máis antigas da cidade, algunhas coincidentes co burgo vello da trama medieval e mesmo co oculto trazado orixinal de Lucus Augusti.

Preside e remata a fonte a imaxe de san Vicente Ferrer predicando. Esta peza, de deseño e labra exquisitos, utilízase como motivo decorativo unha nube trilobulada tallada con mascaróns de anxos con canos de bronce nas súas bocas. San Vicente descansa finalmente nunha peña profusamente decorada e presidida por un espectacular escudo arcebispa.

1. CÍRCULO DAS ARTES 2. CASA DO TAMBOR EN CAMPO CASTELO 3. CASA EN CAMPO CASTELO 4. PRAZA DO CAMPO 5. INSTITUTO XOÁN MONTES 6. CÍRCULO DAS ARTES 7. CASA LUISA CASAL NA PRAZA MAIOR 8. HOSPITAL DE SANTA MARÍA 9. IGREXA DE SANTIAGO A NOVA 10. PRAZA DE ABASTOS

OUTRAS ARQUITECTURAS



RACIONALISMO

Este edificio da praza Maior pertence ao estilo racionalista que percorreu Europa na primeira metade do sec. XX. Eloy Maqueira foi un importante arquitecto deste estilo internacional no contexto galego e o seu mellor representante en Lugo. A súa desaparición prematura truncou a continuidade dunha obra prometedora e vital para o desenvolvemento urbano da cidade e para a súa necesaria conexión coas correntes máis avanzadas da Europa desa época.

O edificio da praza Maior é o maior volume construído por Maqueira e pertence á tipoloxía de edificio de esquina con claras influencias de Mendelsohn e do madrileño edificio Capitol na Gran Vía. As dúas frentes á praza e á rúa doutor Castro cúrvanse cara a dentro na súa intersección para marcaren dúas xuntas verticais que definen o rotundo volume cilíndrico que concentra toda a potencia do edificio e expresa orgullosamente os principios da nova arquitectura nun lugar simbólico da cidade, marcado polas ideas de encontro, poder e centralidade.

